

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación de desenvolvemento.*

Autorízase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Créditos.*

De conformidade co establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, adoptaranse os acordos necesarios para habilitar os créditos que sexan precisos para atender as contías das obrigas que derivan da aplicación deste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de novembro de 2004.

JUAN CARLOS R.

A presidenta do Goberno en Funcións,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

(Este real decreto inclúese tendo en conta as correccións de erros publicadas no «Boletín Oficial del Estado» números 280, do 20 de novembro de 2004, e 282, do 23 de novembro de 2004)

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

19241 *ORDE SCO/3664/2004, do 11 de novembro, pola que se modifica o anexo III do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos. («BOE» 273, do 12-11-2004.)*

O Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos, compilou nun só texto toda a normativa existente sobre esta materia, adaptándose á lexislación comunitaria. Os anexos do citado real decreto foron modificados en seis ocasións mediante as ordes ministeriais do 4 de xuño de 1998, do 26 de abril de 1999, do 3 de agosto de 2000, SCO/249/2003, SCO/1448/2003 e SCO 2592/2004.

Actualmente producíronse dúas novas adaptacións ao progreso técnico dos anexos da Directiva marco de cosméticos 76/768/CEE mediante as directivas 2004/87/CE e 2004/88/CE da Comisión, ambas do 7 de setembro de 2004.

Esta orde, que se dita con base na habilitación contida na disposición derradeira primeira do Real decreto 1599/1997, traspón ao noso dereito interno as directivas citadas no parágrafo anterior.

Na súa virtude, dispoño:

Primeiro. *Modificación do anexo III do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos.*—O anexo III do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos, modifícase como segue:

a) Na primeira parte engádense os números de orde 96 e 97 seguintes:

| Número de orde | Substancias | Restricións | | | Condições de emprego e advertencias que deben figurar obrigatoriamente na etiquetaxe |
|----------------|-------------------------------------|---|--|---------------------------------|--|
| | | Campo de aplicación e/ou uso | Concentración máxima en produto terminado | Outras limitacións e exixencias | |
| A | b | c | d | e | f |
| 96 | Almiscra de xileno (n. CAS 81-15-2) | Todos os produtos cosméticos, excepto os produtos para hixiene bucal. | a) 1,0 % en fragancia final. b) 0,4 % en auga de colonia. c) 0,03 % nos demais produtos. | | |
| 97 | Almiscra de cetona (n. CAS 81-14-1) | Todos os produtos cosméticos, excepto os produtos para hixiene bucal. | c) 1,4 % en fragancia final. d) 0,56 % en auga de colonia. e) 0,042 % nos demais produtos. | | |

b) Na segunda parte:

1. A data 30.9.2004, da columna g, correspondente aos números de referencia 1 a 60, substitúese pola data 31.12.2005.

2. Elimínanse os números de referencia 61 e 62.

Segundo. *Entrada en vigor.*—Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 11 de novembro de 2004.

SALGADO MÉNDEZ

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

19309 *REAL DECRETO 2128/2004, do 29 de outubro, polo que se regula o sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas. («BOE» 274, do 13-11-2004.)*

Desde o seu establecemento en 1993, en virtude do Regulamento (CEE) n. 3508/92 do Consello, do 27 de nov-

embro de 1992, o sistema integrado de xestión e control estivo composto, entre outros elementos, polas declaracións ou solicitudes de axuda «superficies» e por un sistema alfanumérico de identificación das parcelas agrícolas elaborado a partir de planos, documentos catastrais, outras referencias cartográficas de fotografías aéreas ou imaxes espaciais, ou doutras referencias xustificativas.

O sistema de identificación de parcelas, a que fai referencia o artigo 2 do citado Regulamento (CEE) n. 3508/92, estivo baseado en España na referenciación catastral existente para todo o territorio nacional, o que permitiu a realización do control administrativo de todas as superficies declaradas con medios informáticos e a súa localización sobre o terreo mediante a cartografía catastral.

Durante os anos de funcionamento do sistema integrado de xestión e control, a Comisión Europea avaliou a eficacia do sistema, e destacou as dificultades encontradas ao realizar o control administrativo das superficies declaradas e, en particular, os custos e os prazos, necesarios para resolver as anomalías nas declaracións.

Para resolver estes problemas e de acordo coa experiencia adquirida nunha serie de Estados membros, o Regulamento (CE) n. 1593/2000 do Consello, do 17 de xullo de 2000, que modifica o Regulamento (CEE) n. 3508/92, polo que se establece un sistema integrado de xestión e control (SIGC) de determinados réximes de axuda comunitarios, obriga a crear un sistema gráfico dixital de identificación de parcelas agrícolas, utilizando as técnicas informáticas de información xeográfica.

Como consecuencia diso, o 1 de xaneiro de 2005 cada Estado membro debe dispor dunha base de datos gráfica de todas as parcelas de cultivo dixitalizadas, cunha precisión equivalente, polo menos, a unha cartografía 1:10.000.

O Regulamento (CE) n. 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, polo que se establecen disposicións comúns aplicables para os réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores e polo que se modifican diversos regulamentos, derroga o Regulamento (CEE) n. 3508/92, pero contén, no seu artigo 20, as mesmas obrigas en relación co sistema de identificación das parcelas agrícolas. As disposicións de aplicación do regulamento citado, no relativo ao sistema integrado de xestión e control, establécense no Regulamento (CE) n. 796/2004 da Comisión, do 21 de abril.

O artigo 23.3 do mencionado regulamento (CE) n. 1782/2003 dispón que cada Estado membro nomeará unha autoridade encargada da coordinación dos controis establecidos no ámbito do sistema integrado de xestión e control. A autoridade competente en España para levar a cabo a mencionada coordinación é o Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA), en virtude do disposto no artigo 3.6 do Real decreto 1441/2001, do 21 de decembro, polo que se aproba o seu estatuto. Así mesmo, correspóndelle o seguimento das actuacións das comunidades autónomas en materia da súa competencia, con obxecto de garantir a aplicación harmonizada no territorio nacional da regulamentación comunitaria, así como o seguimento da aplicación harmonizada no territorio nacional dos controis e sancións que, derivados da regulamentación comunitaria, deban aplicar as comunidades autónomas de acordo coas súas competencias.

Así mesmo, o Regulamento (CE) n. 2366/1998 da Comisión, do 30 de outubro de 1998, polo que se establecen disposicións de aplicación do réxime de axuda á produción do aceite de oliva, desenvolve as características do sistema de información xeográfica oleícola previsto no artigo 2.1 do Regulamento (CE) n. 1638/1998 do Consello, do 20 de xullo de 1998.

Co obxecto de establecer o marco de colaboración técnica, financeira e administrativa para a xeración do sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas

en todo o territorio nacional, formalizáronse convenios de colaboración entre o Estado e as comunidades autónomas.

Este real decreto ten por obxecto establecer os criterios básicos que deben garantir o correcto funcionamento do sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas, como ferramenta de obrigada utilización na xestión das axudas comunitarias, sendo a base identificativa de calquera tipo de axuda relacionada coa superficie.

Este sistema xerado a partir da información catastral rústica dispoñible incorpora os elementos necesarios para facilitar a xestión e o control das axudas comunitarias. Co fin de garantir unha eficiente utilización dos recursos públicos e mellorar o servizo para os agricultores, prevese a necesaria coordinación coa información contida no Catastro inmobiliario.

Este real decreto dítase ao amparo da habilitación contida no artigo 149.1.13. da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Na súa tramitación, someteuse a consulta das comunidades autónomas e das entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de outubro de 2004,

DISPÓÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto establece as normas de aplicación en España do sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas (SIGPAC) e a súa utilización como instrumento de xestión no marco do sistema integrado de xestión e control e resto de réximes de axuda relacionados coa superficie da política agrícola común.

Artigo 2. *Utilización do SIGPAC.*

1. O SIGPAC será, a partir do 1 de xaneiro de 2005, o sistema de identificación de parcelas agrarias previsto no artigo 20 do Regulamento (CE) n. 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda para os agricultores e polo que se modifican diversos regulamentos, para efectos da xestión e control dos réximes de axuda establecidos nel, así como para os réximes de axuda en que sexa preciso identificar as parcelas, sendo por tanto a única base de referencia para a identificación das parcelas agrícolas no marco da política agrícola común.

2. Non obstante, de forma excepcional, naquelas áreas en que non sexa posible utilizar o SIGPAC pola existencia de modificacións territoriais ou outras razóns debidamente xustificadas, as comunidades autónomas poderán determinar a utilización temporal, nas ditas áreas, doutras referencias oficiais identificativas de parcelas, para todos os réximes de axuda en que sexa preciso identificarlas.

Artigo 3. *Carácter e natureza xurídica do SIGPAC.*

1. O SIGPAC é un rexistro público de carácter administrativo, dependente do Fondo Español de Garantía Agraria e das consellerías con competencias en materia

de agricultura das comunidades autónomas, que contén información das parcelas susceptibles de beneficiarse das axudas comunitarias relacionadas coa superficie e dispón de soporte gráfico do terreo e das parcelas e recintos con usos ou aproveitamentos agrarios definidos.

2. O SIGPAC configúrase como unha base de datos coas características técnicas definidas no anexo I, que contén unha imaxe cartográfica dixitalizada de todo o territorio nacional, composta por ortoimaxes aéreas e unha delimitación xeográfica de cada parcela do terreo coa súa referencia individualizada e os atributos correspondentes á súa xeometría e uso agrario, que pode estar:

a) Centralizada no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. A información residirá no servidor do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que a porá á disposición das comunidades autónomas e usuarios na forma que se determine, e ao que lle corresponde a xestión e mantemento do sistema informático.

b) Distribuída entre as comunidades autónomas. Neste caso a información residirá nos servidores das comunidades autónomas, correspondéndolle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a xestión e o mantemento do sistema informático central, e ás comunidades autónomas, a xestión e mantemento dos seus propios sistemas.

c) Mixto. Neste caso, algunhas comunidades autónomas participarán da opción recollida na alínea a), mentres que outras o farán da opción recollida na alínea b), aínda que a decisión se poderá adoptar con posterioridade á posta en explotación do sistema.

3. En todos os casos, a información actualizarase a través de terminais dispoñibles nas comunidades autónomas que deberán xestionar e explotar a información referente ao seu territorio.

4. Independentemente do sistema adoptado, a información que contén o SIGPAC é única, permitindo este, en todo momento, a consulta de datos actualizados de todo o territorio nacional. A selección dunha determinada opción deberá permitir o mantemento dun sistema gráfico continuo que garanta a calidade da información contida e a súa uniformidade en todo o territorio español.

Artigo 4. *Definicións.*

Para os efectos previstos neste real decreto, enténdese por:

a) Parcela: unha superficie continua do terreo cunha referencia alfanumérica única representada graficamente no SIGPAC.

b) Recinto: unha superficie continua de terreo dentro dunha parcela cun uso agrícola único dos definidos no anexo II.

Artigo 5. *Integración do sistema de información xeográfica oleícola ao SIGPAC.*

1. A base gráfica informatizada, coa localización individual das oliveiras e a superficie dos recintos oleícolas do sistema de información xeográfica oleícola, integrase no SIGPAC.

2. O SIGPAC substituirá, para estes efectos, o sistema de información xeográfica oleícola, unha vez que estea operativo e se puxese á disposición das comunidades autónomas.

3. A partir do dito momento, as funcións que lle atribúe neste ámbito o Real decreto 286/2002, do 22 de marzo, polo que se regula a axuda á produción de aceite de oliva, ao Comité permanente para a xestión e mantemento do sistema de información xeográfica oleícola

pasarán a ser desenvolvidas pola respectiva comunidade autónoma, de conformidade co disposto no artigo 6 deste real decreto.

Artigo 6. *Réxime de explotación e mantemento do SIGPAC.*

1. As comunidades autónomas son as responsables da explotación e mantemento do SIGPAC no seu territorio. Para tal efecto, establecerán as medidas adecuadas para:

a) Asistir os produtores na súa utilización, facilitando a información necesaria das parcelas agrícolas, de forma que poidan cubrir adecuadamente as solicitudes de axuda relacionadas coa superficie.

b) Atender e resolver as alegacións que se poidan presentar por parte dos produtores sobre o seu contido.

c) Incorporar á base de datos as actualizacións de usos agrícolas e sistema de explotación dos recintos, as modificacións por reasignación de recintos dunha parcela e as referentes ás oliveiras e as súas características.

2. O Fondo Español de Garantía Agraria coordinará o correcto funcionamento do SIGPAC, para garantir a homoxeneidade na súa explotación e o mantemento por parte das comunidades autónomas, a través da mesa de coordinación do SIGPAC a que se refire o artigo 7.

Así mesmo, adoptará as medidas necesarias para a correcta incorporación, para os efectos da súa utilización a partir do 1 de xaneiro de 2006, da información correspondente a froitos de casca prevista no artigo 6.3 do Regulamento (CE) n. 796/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, polo que se establecen disposicións para a aplicación da condicionalidade, a modulación e o sistema integrado de xestión e control previsto no Regulamento (CE) n. 1782/2003.

Artigo 7. *Mesa de coordinación do SIGPAC.*

1. Créase a mesa de coordinación do SIGPAC (en diante, mesa de coordinación) como órgano colexiado, adscrito ao Fondo Español de Garantía Agraria a través do seu presidente, para a coordinación de todos os traballos relacionados coa explotación e mantemento do SIGPAC, intercambio da información e incorporación das innovacións tecnolóxicas que se exixan para o seu mellor funcionamento.

2. Correspóndelle, así mesmo, á mesa de coordinación:

a) Coñecer os acordos e convenios subscritos entre o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e as comunidades autónomas con entidades públicas ou privadas sobre cesión de datos do SIGPAC, de acordo cos criterios fixados para o efecto pola Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural.

b) Acordar, por proposta das comunidades autónomas, a forma e as condicións de actualización do SIGPAC, mediante a aprobación do plan de renovación do sistema, incluíndo actualización de ortofotos, modificacións parcelarias, capas temáticas de usos agrarios e canta información deba ser obxecto de actualización periódica.

c) Aprobar, por proposta do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou das comunidades autónomas, a incorporación de nova información na base gráfica, así como a aplicación das innovacións ou procesos tecnolóxicos no sistema, modificación das condicións ou réxime de acceso, ou de proceso de datos.

d) Coñecer os proxectos de disposicións de carácter xeral que se diten en desenvolvemento deste real decreto.

e) A realización de cantas funcións sexan precisas para o mellor cumprimento dos seus fins.

3. A mesa de coordinación estará integrada por responsables designados polas administracións competentes, de acordo coa seguinte composición:

a) Presidente: o presidente do Fondo Español de Garantía Agraria.

b) Vicepresidente: o subdirector xeral de Harmonización Normativa e Sistema Integrado do Fondo Español de Garantía Agraria.

c) Vogais:

1. Un representante por cada unha das comunidades autónomas que decidan integrarse.

2. Dous representantes do Fondo Español de Garantía Agraria, designados polo seu presidente.

3. O subdirector xeral de Informática e Comunicacións do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

4. Un representante da Dirección Xeral de Agricultura, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, designado polo titular do mencionado centro directivo, con rango de subdirector xeral.

5. Un representante da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, designado polo titular do mencionado centro directivo, con rango de subdirector xeral.

6. Un representante da Subsecretaría de Agricultura, Pesca e Alimentación, designado polo titular do mencionado centro directivo, con rango de subdirector xeral.

7. Un representante da Dirección Xeral do Catastro, do Ministerio de Economía e Facenda, con rango de subdirector xeral.

d) Secretario: un funcionario do Fondo Español de Garantía Agraria, designado polo seu presidente.

4. En caso de ausencia, vacante, enfermidade ou outras causas, o vicepresidente substituirá ao presidente.

5. A mesa de coordinación do SIGPAC poderá decidir a asistencia de expertos, con voz pero sen voto, e constituir os grupos de traballo que estime oportunos para o mellor desempeño das súas funcións.

6. O réxime xurídico, no non previsto neste real decreto, axustarase ás normas contidas en materia de órganos colexiados no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 8. *Colaboración entre administracións públicas.*

1. Para o desenvolvemento das actuacións previstas neste real decreto, establecerase o marco de colaboración técnica, financeira e administrativa entre o FEGA e as comunidades autónomas, en particular para o establecido no artigo 7.2.b) e c).

2. Así mesmo, a información contida no SIGPAC coordinarase coa do catastro inmobiliario, especialmente mediante a expresión da referencia catastral dos inmoables integrantes das parcelas agrícolas e estableceranse as fórmulas de colaboración, tanto técnica como financeira, entre o FEGA e a Dirección Xeral do Catastro, co fin de manter a adecuada coherencia entre os datos dispoñibles en ambos os sistemas.

Disposición adicional única. *Utilización do Rexistro vitícola e coordinación co SIGPAC.*

1. Sen prexuízo do previsto no artigo 2, para as axudas relacionadas coa superficie no sector vitivinícola,

poderase seguir utilizando o Rexistro Vitícola como sistema de identificación de parcelas.

2. Non obstante o indicado na epígrafe anterior, nas actualizacións regulares do Rexistro Vitícola que se produzan con posterioridade á entrada en funcionamento do SIGPAC, partirase da información gráfica e alfanumérica de identificación de parcelas correspondente a este sistema.

Disposición transitoria primeira. *Posta en marcha do SIGPAC.*

A posta en marcha do SIGPAC realizarase de forma gradual e levarase a cabo de acordo coa planificación establecida pola mesa de coordinación, debendo quedar garantida a súa plena operatividade o 1 de xaneiro de 2005.

Disposición transitoria segunda. *Particularidades da adecuación do sistema de información xeográfica oleícola ao SIGPAC.*

Non obstante o previsto no artigo 5, naquelas comunidades autónomas en que a posta á disposición do sistema de información xeográfica oleícola sexa anterior á entrada en funcionamento do SIGPAC, as funcións alí mencionadas do Comité permanente para a xestión e mantemento do sistema de información xeográfica oleícola serán desenvolvidas pola comunidade autónoma desde a data de posta á disposición do sistema de información xeográfica oleícola.

Disposición transitoria terceira. *Aplicación do SIGPAC na Comunidade Autónoma de Canarias.*

Non obstante o disposto no artigo 2, na Comunidade Autónoma de Canarias, tendo en conta a súa singularidade de rexión ultraperiférica, poderanse utilizar, ata o 1 de xaneiro de 2006, outros sistemas de identificación de parcelas para o conxunto de axudas específicas desta comunidade autónoma non incluídas no título IV e no anexo V do Regulamento (CE) n. 1782/2003.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao amparo da habilitación contida no artigo 149.1.13. da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para ditar as disposicións que exixa o desenvolvemento deste real decreto e, en particular, para introducir nos anexos as modificacións ou actualizacións que resulten necesarias.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de outubro de 2004.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca
e Alimentación,
ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO I

Características técnicas do SIGPAC

I. Características da base de datos

1. Información gráfica.—A información gráfica do SIGPAC componse da delimitación xeográfica referenciada de cada parcela do terreo, que conterá un ou varios recintos clasificados con algún dos usos citados no artigo 4, superposta a un conxunto de imaxes fotográficas dixitalizadas obtidas mediante ortorrectificación de fotografías aéreas ou de imaxes de satélite, que cumpren as normas exixibles a unha cartografía de escala mínima 1: 5.000, proporcionando unha visión continua de terreo de todo o territorio nacional.

2. Información alfanumérica.—A base de datos alfanumérica contén a seguinte información mínima de cada un dos recintos: códigos de identificación, superficie medida, perímetro, superficie SIGPAC, código de uso asignado, incidencias detectadas na subdivisión e coeficiente de regadío (soamente en recintos con uso asignado de terra arable), así como o número de oliveiras das parcelas oleícolas e as súas características identificativas (oliveiras adicionais, de substitución ou históricas con dereito a axuda).

II. Características do sistema informático

O modelo funcional do SIGPAC responde a unha arquitectura de datos centralizada ou distribuída cuxa actualización se realiza desde terminais ou sistemas locais localizados nas comunidades autónomas, de acordo cuns mesmos requisitos técnicos e de seguridade.

O sistema informático xestiona toda a información gráfica e alfanumérica indicada na epígrafe I.

1. Funcións básicas que permite o sistema informático:

a) Consulta da información por todos os axentes do sector —agricultores, entidades colaboradoras e administracións públicas—, a través dos sistemas informáticos dispostos para o efecto. Esta consulta poderase realizar a través de copias locais ou directamente desde a internet.

b) Actualización da base de datos, xa sexa por edición directa ou substitución da información desde os sistemas instalados nas comunidades autónomas, logo de sometemento aos requirimentos de seguridade necesarios.

c) Exportación de información desde a base de datos, dunha zona concreta do territorio, en distintos formatos, producindo ficheiros que se transmiten a través do sistema de comunicacións, cos correspondentes requisitos de seguridade.

2. Sistema de seguridade:

a) Consta dun sistema de seguridade baseado no par usuario-contrasinal, para funcións que impliquen actualización de datos, deseñado para permitir, nun futuro, a implantación de sistemas de certificación dixital de identidade do usuario.

b) Dispón de mecanismos de control de accesos para permitir asignar a cada usuario as súas posibilidades de actuación.

c) O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e as comunidades autónomas garantirán a seguridade e a integridade da información e o réxime de autorización e acceso ao sistema. En todo caso, deberase coñecer a identidade do autor de calquera modificación e a data en que esta foi realizada, ademais de dispor en todo momento do acceso á información a unha data determinada.

3. Sistema de comunicacións.—O modelo de comunicacións está baseado no uso dunha extranet ou internet en función do tipo de usuario e das funcións atribuídas. Os requisitos de seguridade do sistema de comunicacións serán elevados. Os ditos requisitos estarán definidos polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

a) Extranet: rede baseada en circuitos privados, e/ou redes privadas virtuais sobre circuitos públicos, que permiten manter a base de datos única, interconectando os diferentes sistemas de información que constitúen o SIGPAC. Permite a transferencia de datos relativos a procesos de consulta e actualización, de forma áxil e segura.

b) Internet: rede utilizada para a realización de consultas á base de datos polos usuarios finais.

ANEXO II

Usos definidos no SIGPAC

| | Arable |
|--|---------|
| Asociación froiteira-viñedo..... | Non |
| Asociación oliveira-froiteira | Non |
| Asociación oliveira-viñedo | Non |
| Cítricos (*) | Non |
| Contorno de oliveira | Non |
| Correntes e superficies de auga..... | Non |
| Edificacións | Non |
| Forestal..... | Non |
| Froiteira | Non |
| Horta | Si |
| Improdutivos..... | Non |
| Invernadoiros e cultivos baixo plástico | Si |
| Oliveira | Non |
| Pasteiro..... | Non |
| Pasto arbustivo | Non |
| Pasto con arboredo | Non |
| Terra arable | Si |
| Vías | Non |
| Viñedo | Non |
| Zona censurada | Non |
| Zona concentrada non reflectida na ortofoto (**) | (1) |
| Zona urbana..... | Non (2) |

(*) O uso SIGPAC «cítricos» só se asignarán naquelas parcelas marcadas como tal nun SIG cítricol.

(**) Este uso poderase utilizar cando nunha zona dun termo municipal exista unha concentración parcelaria e non se poida contar cunha ortofoto actualizada que reflecte a dita concentración.

(1) Nestas zonas poden existir diferentes usos da terra, é dicir, existe a posibilidade de ser ou non consideradas como terra arable ou ter ou non aproveitamento mediante pastoreo.

(2) Se unha zona urbana inclúe parcelas con declaración de cultivo das cales se achegue un bosquejo suficientemente claro, gravaranse as citadas parcelas co seu correspondente uso SIGPAC.

19310 REAL DECRETO 2176/2004, do 12 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 429/2004, do 12 de marzo, polo que se establecen medidas de ordenación da frota pesqueira de cerco. («BOE» 274, do 13-11-2004.)

O Real decreto 429/2004, do 12 de marzo, polo que se establecen medidas de ordenación da frota pesqueira de cerco, establece as normas básicas de ordenación dos buques de cerco que exercen a súa actividade pesqueira no caladoiro nacional por fóra de augas interiores.